

FUNDACIÓN

A Fundación, dende o seu punto de partida o 4 de outubro do pasado ano, está a facer unha importante promoción dos valores tanto deportivos coma sociais e humanos, chegando así a tódolos colectivos da sociedade.

22 CONVENIOS CON COLEXIOS

Dende hai máis dun lustro o Azkar Lugo FS asina convenios cos centros de estudo da capital lucense, responsabilidade que este ano asumiu a Fundación Azkar. Cada tempada asínanse un bo número de convenios chegando este ano a un total de 22 os co-

lexios que se sumaron a esta importante actividade pola cal membros do primeiro equipo do club, tanto xogadores coma técnicos, visitan alomenos unha vez ao ano, aos escolares dos centros escolares.



7 CONVENIOS CON CLUBS E ENTIDADES

Dende esta tempada a Fundación Azkar mantén convenio con sete clubs deportivos e entidades, non so da capital lucense, se non tamén da provincia e do resto da xeografía galega. A través destes convenios búscase promocionar o fútbol sala dando formación aos xogadores e adestradores dos clubs conveniados a través do persoal da Fundación, achéganse subvencións en material deportivo, faise un seguemento e asesoramento técnico-táctico, etc. A Fundación espera ampliar nun futuro a vinculación con máis clubs e entidades.



CONVENIO CON PROXECTO HOME LUGO

Tra-lo convenio asinado entre a Fundación Azkar e Proxecto Home en Lugo, o mesmo está tendo unha gran aceptación polos usuarios desta organización. Xa se levaron a cabo dúas charlas-coloquio nas instalacións do centro con persoal da Fundación Azkar e ademais os usuarios de Proxecto Home come-



zaron a utilizar as instalacións da Fundación, como pode ser o ximnasio do Centro Deportivo Terra, ou acudir aos partidos do Azkar Lugo FS.

CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIONS DE LUGO

O pasado 1 de outubro do 2007 a Fundación Azkar asinaba un convenio de colaboración coa Fundación Feiras e Exposicións de Lugo polo cal ambas entidades se comprometeron a levar a cabo actividades de forma conxunta. Neste convenio regularizase unha relación que existe dende hai varios anos coa presenza en Expolugo, a Feira Multisectorial que se celebra nas Festas do San Froilán, do Azkar Lugo FS, e dende este ano tamén da Fundación, que acuden cun stand propio.



PRIMEIROS PASOS COA UNIVERSIDADE

Ata os universitarios tamén chega a Fundación Azkar. Coa Universidade de Santiago de Compostela estánse a ter puntos de encontro para levar actividades en común, a través da súa Vicerreitoría de Cultura, que se culminará coa sinatura dun convenio onde se establecerán todas as bases do mesmo.

CONVENIO COA FUNDACION SECRETARIADO XITANO

Hai menos dunha semana xa seu deu o primeiro paso coa celebración dun partido entre membros desta asociación e un combinado de xogadores da Fundación e en vindeiras datas asinarase o convenio polo cal se programarán máis actividades ao longo de toda a tempada.

HIMNO DO CLUB

A través da Fundación Azkar organizase, coa colaboración do Conservatorio Profesional de Música de Lugo, un concurso para a creación do himno do Azkar Lugo FS. O prazo de entrega aínda está aberto e o premio para o gañador é de 3000 euros.



A FUNDACION ADHERIUSE A CARTA VERDE DO DEPORTE ESPAÑOL

Neste proxecto da Carta Verde están implicados Green Cross España, a Fundación Biodiversidad e o Consello Superior de Deportes. No boletín

nº3 de "Deporte sostenible" (marzo do 2008) saíu reflexada unha noticia de carácter social sobre o club e a Fundación.

AZKAR

www.fundacionazkar.org

ESTANCIA DO HUMAN/FALCO

A Fundación Azkar eliminou fronteiras e barreiras hai menos dun mes cando viviu unha experiencia inolvidable coa estancia na cidade do conxunto xaponés do Human/Falco durante unha semana, xa que o club nipón elixiu ao

Azkar Lugo FS e á Fundación Azkar para o seu aprendizaxe, non só no deportivo senón tamén no estrutural e no marco social, para posteriormente implantar eses métodos de traballo no seu país.



TORNEO INTERNACIONAL DE FUTBOL SALA DE BASE

Cada ano a Fundación Azkar organiza o Torneo Internacional para as categorías de base que se celebra nos derradeiros días de decembro e comezos de xaneiro de cada ano. Un total de 88 equipos repartidos en catro categorías (benxamín, alevín,

infantil e cadete) e chegados dende toda a xeografía española e incluso de Portugal, compiten ao longo de varios días nun torneo que este ano chegou a súa sexta edición e que ten un gran prestixio no panorama nacional.



APOIO ACADEMICO AOS XOGADORES

Dende a categoría cadete, 14 anos, a Fundación ofrece aos xogadores das categorías inferiores do Azkar Lugo FS a posibilidade de recibir apoio académico a través dunha profesora titulada que imparte as clases aos xogadores ao longo de toda a semana nas instalacións do club, para así servir como un apoio máis na súa carreira académica.



TORNEO PREBENJAMINS

Este Torneo converteuse nun referente na nosa cidade. Destinado aos máis pequenos, celébrase en seis sábados durante os meses de maio e xuño. Naceu como unha competición alternativa ao non existir ata este pasado ano unha liga federada nesta categoría. Este ano chegará á súa 9ª edición.



CONVENIO COAS INSTITUCIONS PENITENCIARIAS

Dende hai varias tempadas o Azkar Lugo acude cada ano as instalacións de diferentes Centros Penitenciarios, como é o de Monterroso, para xogar un partido cos internos destes centros. En vindeiras datas a Fundación Azkar, Prone Lugo e a Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias asinarán un convenio para ampliar e plasmar os



contidos do mesmo e así estender estas actividades a todos os centros da xeografía galega.

TORNEO FIN DE TEMPADA

Cada ano o club premia aos seus xogadores das categorías inferiores que ao longo do ano cumpriron cuns requisitos precisos (comportamento, responsabilidade, traballo...) coa participación nun Torneo fóra da nosa cidade. En total son cinco os equipos que se desprazan con dez xogadores por categoría e que o pasado ano competiron no Torneo Costa Dorada Cup en Salou (Tarragona), torneo ao que se podería acudir a finais desta tempada por segunda vez.



XORNADAS DE TECNIFICACIÓN

Dende a categoría cadete, 14 anos, a Fundación ofrece aos xogadores das categorías inferiores do Azkar Lugo FS a posibilidade de recibir apoio académico a través dunha profesora titulada que imparte as clases aos xogadores ao longo de toda a semana nas instalacións do club, para así servir como un apoio máis na súa carreira académica.



ATLETISMO

A Fundación Azkar incorporou ao club unha nova sección deportiva, neste caso de atletismo, e a unha figura como estandarte da mesma: Gustavo Platas. Este atleta estaba correndo nun club foráneo e dende esta tempada pode facelo nun da súa cidade. Ademais tamén se creou unha sección de veteranos para esta modalidade que está a competir en diferentes campionatos ao longo da xeografía galega.



XORNADAS TÉCNICAS SOBRE FÚTBOL SALA

Un aspecto fundamental para a Fundación Azkar é a formación das persoas e neste senso para a formación de adestradores organiza unhas xornadas técnicas na que profes



sionais do deporte imparten ponencias para adestradores, afeccionados ou persoas que queren coñecer por dentro o deporte do fútbol sala. Actualmente estase a levar a cabo a segunda edición destas xornadas.

A CIDADE DEPORTIVA

É o proxecto estrela da Fundación. Marcará un antes e un despois no eido deportivo da cidade de Lugo e probablemente de Galicia. A construción de 15000 metros cadrados de instalacións daránlle á Fundación Azkar e ao Azkar Lugo FS a posibilidade de converterse nun referente para a formación de deportistas.

